

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE AGOSTO DE 2017**

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	11
5.1.	Temperatura media das máximas.	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2017.	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual agosto 2017	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.3.	Días de chuvia en agosto de 2017	20
6.4.	Evolución da precipitación en agosto de 2017	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	26
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	26
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.	27
9	RAIOS	28

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 14/09/2017

Agosto en xeral foi lixeiramente cálido. Precipitacións de carácter treboento nas últimas xornadas do mes.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de agosto quedou caracterizado pola variabilidade nas situacións meteorolóxicas que se foron presentando, cun comezo irregular pero, en xeral, fresco e húmido nos primeiros 10 días e no medio do mes, situacións xa máis propias do mes de agosto, mesmo cun importante aumento da temperatura. Nas derradeiras xornadas a inestabilidade atmosférica foi moi acusada.

Así, os dous primeiros días quedaron marcados por situacións anticiclónicas débiles que deixaban en xeral tempo seco e mesmo cun incremento da temperatura o día 2. Sen embargo, esta situación non se prolongou nas seguintes xornadas.

O paso dunha borrasca polas Illas Británicas deixaba os días 3 e 4 temperaturas algo por debaixo do normal para a época do ano, moitas nubes e algunhas chuvias escasas e que non chegaron a afectar a puntos de Ourense e Lugo.

As altas presións recuperáronse nas xornadas seguintes do 5 e 6, con ceo despexado e subida das temperaturas, sobre todo na xornada do día 6. A situación mudou o día 7, no que unha nova zona de aire frío achegábase a Galicia aportando nubes pero moi escasas precipitacións e favorecendo un descenso térmico.

A partir do día 8 as altas presións entraron novamente en Galicia, pero a presenza de aire frío das xornadas anteriores e o feito de que o anticiclón deixaba madrugadas de ceo despexado, fixo que nos primeiros días deste episodio anticiclónico as temperaturas fosen baixas, particularmente nas madrugadas, destacando o rexistro de temperaturas baixo cero en puntos do interior, concretamente cunha mínima de -1.6°C en Calvos de Randín na madrugada do día 10.

A partir do 11 as temperaturas xa foron subindo e tivemos unha situación de sol e temperaturas elevadas nas xornadas do 11, 12 e 13, con máximas superando os 35°C no interior.

O período que abrangue dende o 14 ata o 18 estivo caracterizado por un desprazamento cara ao sur do anticiclón e polo tanto por situacións intermedias entre estas altas presións e as baixas que se desprazaban máis cara ao norte. Polo tanto, as temperaturas descenderon lixeiramente e as xornadas foron algo máis cambiantes con momentos de nubes e outros de ceo completamente despexado. O máis salientable deste período foi o paso dun sistema

frontal nas últimas horas do 17 e nas primeiras do 18, que deixou algunhas chuvias na metade norte.

Na xornada do 18 vimos como o anticiclón se desprazaba cara ao norte, aportando estabilidade e achegando aire cálido procedente do norte de África. Isto propiciou entre os días 19 e 22 o período máis cálido do mes, con termómetros que chegaron a superar os 40°C en moitos lugares. Destácase así o día 20, no que se acadaron os 40.9°C na estación meteorolóxica de Areas en Tui ou os 42°C do día 21 en Leiro.

A partir do 23 foi entrando aire algo máis fresco e húmido que deixou néboas na costa e descenso significativos nos termómetros. A situación máis destacada do mes dende o punto de vista meteorolóxico sucedeu ao finalizar este episodio anticiclónico. Na xornada do 24 as baixas presións que se atopaban en Irlanda fóronse desprazando ata situarse o día 25 ao oeste da península Ibérica. O máis significativo é que arrastrou unha zona de aire frío en altura que en conxunto co aire cálido de xornadas anteriores, en superficie ocasionou moita inestabilidade nos seguintes días.

De feito, entre o 26 e o 27 a baixa desapareceu en superficie e quedou soamente o aire frío en altura, polo que o fenómeno pasou a denominarse como DANA (Depresión Aillada en Niveis Altos). Esta DANA deixou importantes consecuencias, con chuvascos tormentosos localmente fortes, acompañados de treboada e ocasionalmente de sarabia e pedrazo. O número de raios foi especialmente destacado na xornada do 27 cando se contabilizaron 8086 raios, sendo a cuarta xornada con máis raios rexistrados dende o ano 2010.

En canto a chuvias, as máis torrenciais tiveron lugar en puntos de Ourense e Lugo o día 27, mentres que Santiago foi un dos lugares máis afectados o día 28. Xa a partir do 29 esta zona de aire frío foise desprazando cara ao sur e leste da península.

Tivemos dúas xornadas, 29 e 30, de nubes, temperaturas baixas e algunhas chuvias febles e intermitentes e xa o 31 o mes rematou coa recuperación da situación anticiclónica.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas de anomalías de presión en superficie (Figura 1) e en 500 hPa (Figura 2) obsérvase un patrón moi semellante, cun comportamento do mes dentro da normalidade climatolóxica cunha lixeira tendencia ás anomalías positivas, que se traduciu efectivamente, nun mes lixeiramente cálido nas temperaturas e lixeiramente seco nas

precipitacións. Cómpre ter en conta que a situación de DANA non se reflicte nestes valores medios e polo tanto non reflicte o episodio de chuvias torrenciais.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Agosto-2017.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Agosto-2017.

4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	AGOSTO 2017 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	19.5/19.8	19.6	21.5 (2003)	17.0 (1963)
Tª mínima media	16.7/16.5	16.5	18.1 (2003)	14.0 (1951)
Tª mínima absoluta	14.3/14.3 (día 12)	9.4 (17/08/1953)		
Tª mínima máis alta	19.6/20.2 (día 17)	22.8 (20/08/1993)		
Tª máxima media	22.4/23.0	22.7	25.0 (2003)	19.6 (1963)
Tª máxima absoluta	30.2/33.2 (día 21)	39.6 (28/08/1961)		
Tª máxima máis baixa	18.0/18.6 (día 30)	16.0 (30/08/1956)		
Precipitación acumulada	22	21-36	158 (1946)	0 (1940)
Días de chuvia (≥1mm)	5	6	15 (1996)	0 (1940)

Comentario: Mes lixeiramente cálido tendo en conta as medias e as máximas, mentres que para as mínimas o mes considérase normal.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais de precipitación para esta localidade, aínda que o número de días de chuvia é lixeiramente inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2017 Temperatura: 1948-2017

SANTIAGO

	AGOSTO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	20.4	19.9	23.2 (2003)	17.1 (1986)
Tª mínima media	14.6	14.6	7.4 (2003)	12.4 (1986)
Tª mínima absoluta	11.0 (día 8)	7.3 (29/08/1986)		
Tª mínima máis alta	18.4 (día 17)	23.9 (20/08/1986)		
Tª máxima media	26.1	25.2	28.9 (2003)	21.7 (1986)
Tª máxima absoluta	36.2 (día 21)	39.7 (12/08/2003)		
Tª máxima máis baixa	19.2 (día 30)	16.7 (30/08/1992)		
Precipitación acumulada	25	38-52	210 (2004)	1 (1998)
Días de chuvia (≥1mm)	3	5	15 (2004)	1 (1998)

Comentario: Mes cálido tendo en canto as máximas e as medias, mentres que para as temperaturas mínimas o mes considérase normal.

A precipitación rexistrada foi inferior ao rango de valores normais para esta variable, polo que o mes considérase seco. O número de días de chuvia tamén foi inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2017. Temperatura: 1982-2017



LUGO

	AGOSTO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	20.0	19.1	22.0 (2003)	16.8 (1982)
Tª mínima media	13.1	12.8	14.8 (2003)	10.6 (2000)
Tª mínima absoluta	6.8 (día 11)	3.5 (26/08/1985)		
Tª mínima máis alta	18.5 (día 4)	20.2 (28/08/2015)		
Tª máxima media	26.8	25.4	29.2 (2003)	21.4 (1983)
Tª máxima absoluta	39.3 (día 21)	40.5 (04/08/1990)		
Tª máxima máis baixa	18.0 (día 30)	14.0 (06/08/1982)		
Precipitación acumulada	32	22-35	91 (1992)	0 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	5	4	10 (1983)	0 (1988)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas mínimas e medias, mentres que resultou moi cálido para as máximas.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais, e o número de días de chuvia é lixeiramente superior ao agardado..

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2017. Temperatura: 1981-2017

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	AGOSTO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	21.3	20.5	22.7 (2003)	17.0 (1963)
Tª mínima media	15.5	14.7	17.6 (2003)	11.2 (1963)
Tª mínima absoluta	11.3 (día 2)	3.4 (08/08/1971)		
Tª mínima máis alta	19.5 (día 3)	22.5 (03/08/2003)		
Tª máxima media	27.0	26.3	29.3 (2006)	22.7 (1977)
Tª máxima absoluta	36.3 (día 20)	38.3 (12/08/2003)		
Tª máxima máis baixa	22.9 (día 30)	17.0 (29/08/1963)		
Precipitación acumulada	13	29-59	139 (2004)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	4	5	12(2004)	0 (1981)

Comentario: Mes cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A chuvia rexistrada foi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase seco nesta localidade. O número de días de chuvia tamén foi lixeiramente inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2016. Temperatura: 1958-2017



OURENSE

	AGOSTO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	23.4	22.6	25.5 (2003)	19.2 (1977)
Tª mínima media	14.8	14.8	17.3 (2003)	11.5 (1985)
Tª mínima absoluta	8.6 (día 10)	5.6 (26/08/1985)		
Tª mínima máis alta	22.1 (día 4)	23.2 (22/08/1985)		
Tª máxima media	31.9	30.6	34.0 (1998)	24.9 (1977)
Tª máxima absoluta	40.9 (día 21)	42.2 (04/08/1990)		
Tª máxima máis baixa	22.7 (día 30)	18.0 (30/08/1974)		
Precipitación acumulada	43	16-23	88 (1976)	0 (1978)
Días de chuvia (≥1mm)	3	4	8 (1983)	0 (2009)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas medias e máximas, mentres que para as mínimas o mes considérase normal.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais polo que o mes considérase moi húmido. Sen embargo, o número de días de chuvia non chega o valor climático esperado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2016. Temperatura: 1972-2017

5 TEMPERATURA

As temperaturas en agosto estiveron en xeral algo por riba da media climática, aínda que a anomalía no foi moi alta e temos lugares nos que esa temperatura achegouse a media ou mesmo estivo por debaixo. Isto é así porque, salvando períodos concretos como a situación entre o 19 e o 22, o anticiclón non conseguiu situarse ao norte da península e polo tanto, achegar aire cálido procedente do sur da península Ibérica ou do norte de África.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de agosto de 2017.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de agosto para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 25.6 °C. Os valores máis baixos rexistráronse principalmente na Mariña Lucense, comarca de Ortegaleirás e Cabeza de Manzaneda, con valores próximos aos 18 °C. Por outra banda os valores máis altos déronse principalmente no Miño ourensán, con valores de máis de 33 °C.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de agosto para o territorio galego foi de 12.9°C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na comarca da Limia onde se acadaron valores próximos aos 6.4 °C. Os valores máis altos déronse principalmente na comarca de Vigo, onde se acadaron os 19.0 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de agosto de 2017.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de agosto, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de $+0.50\text{ }^{\circ}\text{C}$. Existe un gran contraste entre as zonas que resultaron máis cálidas do normal, destacando a comarca do Carballiño con unha anomalía positiva de $+2.0\text{ }^{\circ}\text{C}$ e as zonas que rexistraron valores por debaixo do normal para un mes de agosto, Bergantiños e a Costa da Morte ($-1.0\text{ }^{\circ}\text{C}$).




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ($^{\circ}\text{C}$) de agosto respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1981-2010. As anomalías máis altas da Comunidade déronse principalmente nas comarcas de Verín, Carballiño e O Ribeiro (Táboa 1) e as máis baixas, menores de -0.5 °C, producíronse claramente nas comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra (Táboa 2).

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Vilardevós	Ourense	1.8
Verín	Ourense	1.7
Carballiño (O)	Ourense	1.7
San Amaro	Ourense	1.7
Gondomar	Pontevedra	1.6
Leiro	Ourense	1.6
Cenlle	Ourense	1.5
Triacastela	Lugo	1.5
Maside	Ourense	1.5
Boborás	Ourense	1.5

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de agosto de 2017.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Malpica de Bergantiños	A Coruña	-0.9
Carballo	A Coruña	-0.9
Ponteceso	A Coruña	-0.8
Coristanco	A Coruña	-0.7
Fisterra	A Coruña	-0.6
Carnota	A Coruña	-0.6
Cabana de Bergantiños	A Coruña	-0.6
Corcubión	A Coruña	-0.5
Laracha (A)	A Coruña	-0.5
Cee	A Coruña	-0.4

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de agosto de 2017.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de agosto de 2017 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada do día 21 deixou en Galicia valores moi por encima dos 30 °C en moitas localidades tanto por riba como por debaixo dos 1000 m de altura.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2017				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
21/08/2017	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	42.0
20/08/2017	Remuíño	Arnoia	Ourense	41.9
21/08/2017	Monforte	Monforte de Lemos	Lugo	41.7
21/08/2017	Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	41.4
21/08/2017	Ourense	Ourense	Ourense	40.9
21/08/2017	A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	40.9
20/08/2017	Areas	Tui	Pontevedra	40.9
21/08/2017	San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	40.8
21/08/2017	As Petarelas	Rubiá	Ourense	40.5
20/08/2017	O Viso	Redondela	Pontevedra	39.9

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2017 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2017				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
21/08/2017	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	35.6
21/08/2017	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	35.0
21/08/2017	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	34.6
21/08/2017	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	34.4
21/08/2017	Corzos	A Veiga	Ourense	33.5
21/08/2017	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	33.2
21/08/2017	Xurés	Muiños	Ourense	32.4
21/08/2017	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	31.8
20/08/2017	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	31.4
21/08/2017	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	31.4

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2017 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de agosto de 2017 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Neste mes destaca o día 10 como o que rexistrou as mínimas máis baixas en ambas altitudes.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2017				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
10/08/2017	Corzos	A Veiga	Ourense	1.6
10/08/2017	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	2.0
09/08/2017	Xares	A Veiga	Ourense	2.3
10/08/2017	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	2.6
10/08/2017	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	2.6
10/08/2017	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	3.3
10/08/2017	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	4.0
10/08/2017	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	4.1
09/08/2017	Ancares	Cervantes	Lugo	4.4
08/08/2017	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	4.5
01/07/2017	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	4.0

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2017 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2017				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
10/08/2017	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-1.6
10/08/2017	Baltar	Baltar	Ourense	0.3
10/08/2017	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	1.1
10/08/2017	Verín-Vilela	Verín	Ourense	2.4
11/08/2017	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	3.2
10/08/2017	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	3.5
02/08/2017	Lanzós	Vilalba	Lugo	3.6
11/08/2017	Castro De Rei	Castro de Rei	Lugo	4.0
10/08/2017	Morelle	Sarria	Lugo	4.3
10/08/2017	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	4.6

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2017 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2017.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2017 para esta serie foi 20.3 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2017 para agosto.

A anomalía media da temperatura para este mes de agosto en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 0.41 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como cálido. Isto debeuse principalmente as máximas que presentaron unha anomalía de 0.81 °C por riba do normal, mentres que as mínimas estiveron na normalidade cunha anomalía moi próxima a 0 °C. Aínda que positiva esta anomalía queda moi lonxe da rexistrada no ano anterior, na que se superaron os 1.3 °C.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en agosto, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As chuvias acumuladas durante o mes estiveron moi marcadas polo episodio da DANA entre os días 26 e 28. Este episodio deixou chuvias por momentos de carácter torrencial que nalgúns lugares son suficientes para que o mes poida ser considerado como húmido, mentres que noutros puntos eses chuvascos non tiveron lugar e polo tanto o mes resultou seco.

Para a estimación da chuvia acumulada tense en conta os datos do radar e dos pluviómetros. Isto é importante, sobre todo polas últimas xornadas do mes, nas que os altos valores de precipitación rexistrados estaban asociados a tormentas, polo tanto, os distintos eventos de precipitación foron moi localizados no espazo. A chuvia media no mes de agosto obtida a partir dos valores do mapa (figura 4) foi de 32 L/m², resultando un mes de agosto seco en xeral. Os valores máis altos foron os rexistrados en localidades da comarca de Ourense, con valores entorno aos 150 L/m². Os valores máis baixos acadáronse principalmente nas comarcas de Vigo, O condado e O Baixo Miño con valores que non chegaron aos 10 L/m².

6.1. Precipitación acumulada mensual agosto 2017




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de agosto de 2017.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de agosto con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 19 % inferior ao período de referencia 1981-2010. Pódese observar, claramente, o exceso de precipitación que se produciu nas comarcas do Ribeiro, Carballiño, Terra de Celanova, A Limia e Verín, asociado as xornadas do mes con máis actividade convectiva (27-29 de agosto) e a presenza de pedrazo, superándose o 400% de precipitación por riba do normal nesta zona. As Rías Baixas presentaron os valores máis baixos de precipitación, pero destacan especialmente a Ría de Vigo e o Baixo Miño nas que a porcentaxe de precipitación foi un 87% inferior ao valor climático normal para estas zonas.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de agosto de 2017.

6.3. Días de chuvia en agosto de 2017

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 4.8. Os valores máximos obtivéronse na Mariña Lucense, con valores próximos aos 14 días. Os valores máis baixos, en gran parte da provincias de Pontevedra e Ourense.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m^2 durante o mes de agosto de 2017.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de agosto. Na táboa 8, pódese apreciar como algunhas estacións rexistraron no evento da DANA que afectou a Galicia entre as xornadas do 26 ao 29 a precipitación acumulada mensual.

Precipitacións acumuladas máximas en agosto de 2017			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m²)
Burela	Burela	Lugo	113
Labrada	Abadín	Lugo	90
Penedo do Galo	Viveiro	Lugo	88
Borreiros	Viveiro	Lugo	84
Baltar	Baltar	Ourense	79
Fragavella	Abadín	Lugo	75
Calvos	Calvos de Randín	Ourense	72
Pedro Murias	Ribadeo	Lugo	61
Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	60
Arzúa	Arzúa	A Coruña	58

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de agosto de 2017.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m²)	Instante de inicio (UTC)
Calvos	Ourense	CALVOS DE RANDÍN	57	28/08/2017 22:30
Baltar	Ourense	BALTAR	51	27/08/2017 08:00
Arzúa	A Coruña	ARZÚA	50	28/08/2017 13:20
Labrada	Lugo	ABADÍN	49	26/08/2017 20:30
Ourense-Estacións	Ourense	OURENSE	47	27/08/2017 09:40
Borreiros	Lugo	VIVEIRO	46	27/08/2017 03:30
Prado	Ourense	CASTRELO DE MIÑO	43	27/08/2017 09:00
Larouco	Ourense	LAROUCO	38	27/08/2017 07:40
Alto do Faro	Lugo	CHANTADA	36	27/08/2017 00:10
San Fiz	Lugo	CHANTADA	35	27/08/2017 16:40

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de agosto de 2017.

6.4. Evolución da precipitación en agosto de 2017

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2017, para esta serie, foi 25 L/m². Este mesmo valor acadouse no mes de agosto de 2015, un valor lixeiramente máis alto que o acadado no ano anterior.




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2017 para agosto.

A anomalía media das precipitacións para este mes de agosto en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 20 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como lixeiramente seco, tendo en conta a totalidade da Comunidade. O ano anterior, 2016, foi aínda máis seco.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en agosto, respecto ó período 1981-2010.

7 VENTO

Neste mes de agosto só Viveiro houbo unha xornada na que se superaron os 100 km/h.

Destacan as elevadas porcentaxes de calmas que presentan as estacións.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en agosto				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
27/08/2017	Penedo do Galo	Viveiro	Lugo	104.9

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de agosto.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	75.9	NE	13	<p>INTENSIDADES PONDEDARAS COA DIRECCIÓN # Lira (10136) # 08/2017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Lira (10136) # 08/2017</p>
		Día 19				
Pta. Candieira	Cedeira	80.0	NE	8	<p>INTENSIDADES PONDEDARAS COA DIRECCIÓN # Pta. Candieira (10082) # 08/2017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Pta. Candieira (10082) # 08/2017</p>
		Día 6				
Malpica	Malpica	64.1	E	6	<p>INTENSIDADES PONDEDARAS COA DIRECCIÓN # Malpica (10093) # 08/2017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Malpica (10093) # 08/2017</p>
		Día 6				
Marco da Curra	Monfero	67.6	NE	8	<p>INTENSIDADES PONDEDARAS COA DIRECCIÓN # Marco da Curra (10046) # 08/2017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Marco da Curra (10046) # 08/2017</p>
		Día 27				



Táboa 10: Resumo do vento no mes de Agosto de 2017 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	60.8	E	12	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Burela (10118) # 082017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Burela (10118) # 082017</p>
		Día 27				
Ancares	Cervantes	79.6	NE	12	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Ancares (10062) # 082017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Ancares (10062) # 082017</p>
		Día 27				

Táboa 11: Resumo vento no mes de Agosto de 2017 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	53.9	O	14	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Xurés (10119) # 082017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Xurés (10119) # 082017</p>
		Día 21				
Rodicio	Maceda	64.7	NE	12	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Alto do Rodicio (10057) # 082017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Alto do Rodicio (10057) # 082017</p>
		Día 9				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	39.4	NO	49		
		Día 21				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Agosto de 2017 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	89.7	N	15		
		Día 5				
Ons	Bueu	61.4	NE	6		
		Día 5				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de agosto de 2017 na provincia de Pontevedra.

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de agosto de 2017.

8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de agosto 12565 raios, destacando o evento entre o 26 e o 29, onde as treboadas, viñeron acompañadas de fortes chuvias e de pedrazo (figura 15). A meirande parte dos raios rexistráronse nas provincias de Ourense e Lugo, seguido da provincia de A Coruña, xa con moita diferenza con respecto as provincias do interior, onde Pontevedra foi a menos afectada (figura 16).



Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en Agosto de 2017.




Figura 16: Número de raios por provincia detectados en Galicia en Agosto de 2017.

Na figura 17, pódese ver o total de raios rexistrados en agosto en Galicia dende o ano 2010 ao 2017. Nesta gráfica pódese observar que o valor rexistrado este ano foi o máis elevado da serie, se ben cabe salientar que se trata dun período bastante pequeno de tempo.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en agosto dende 2010 a 2017.

MeteoGalicia
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 8

Provincia Estación	T ^a °C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m ²			BHC l/m ²	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m ²	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
A Coruña																									
A Gándara	16.9	21.18	35.3	21	13.8	11.5	10	25	6.2	24	-89	83	97	63	56	239	1926	18	64	5	972	10	0		
Aldea Nova	18.1	22.66	34.4	21	14.7	11.4	10	36	8.2	18	-77	82	96	63	48	208	1738	6	47	21	987	11	0		
Arzúa	18.4	25.92	37.0	21	12.4	7.3	11	57	46.0	28	-79	77	97	49	59	253	2066	6	63	28	976	8	0		
Camariñas	18.6	20.64	28.5	21	16.3	11.8	1	17	7.6	24	-112	80	89	68	64	274	2116	19	80	6	1018	8	0		
Cariño	19.3	21.64	25.3	2	17.0	14.1	1	27	6.2	30	-86	84	94	73	48	208	1788	14	57	4	1018	10	0		
Cespon	20.7	27.37	37.3	20	15.6	11.3	8	19	6.8	4	-135	74	95	49	68	291	2162	9	45	5	1013	5	0		
CIS Ferrol	19.7	24.68	37.1	21	15.6	12.2	11	19	7.0	18	-112	79	97	56	58	252	1942	10	56	6	1015	9	0		
Corrubedo	20.0	25.66	38.2	20	15.8	13.0	1	19	12.1	29	-136	72	88	52	65	278	2188	8	49	6	1014	4	0		
Coruña-Dique	18.7	21.05	28.1	21	16.2	12.5	11	13	4.8	27	-	81	92	68	-	-	-	15	56	6	1018	6	0		
Coruña-Torre de Hércul	19.3	22.37	30.2	21	16.6	14.3	12	21	9.4	27	-	76	87	63	-	-	-	-	-	-	-	8	0		
*Costa	19.6	26.52	35.4	20	14.4	10.4	2	10	6.7	29	-	79	98	54	-	-	-	4	30	5	998	5	0		
*Coto Muiño	17.7	24.07	35.9	21	12.5	7.2	1	25	6.0	4	-	84	99	62	-	-	-	3	35	6	-	12	0		
Fontecada	17.8	23.7	36.3	21	13.1	8.1	1	13	3.1	4	-113	77	94	53	58	248	1929	12	51	6	976	9	0		
*Guísamo	19.2	24.41	37.0	21	14.9	11.1	11	24	7.8	27	-	72	88	51	-	-	-	3	26	29	998	10	0		
*Lesende	19.3	25.21	35.3	20	14.7	11.5	2	30	20.0	4	-115	70	87	49	60	259	2084	4	34	5	998	7	0		
Lira	19.2	23.34	34.4	20	15.7	13.2	9	9	3.2	4	-137	76	91	58	65	281	2172	18	75	19	-	6	0		
Mabegondo	19.1	25.78	38.5	21	12.8	6.6	11	38	24.1	27	-88	80	97	55	56	241	1938	6	40	4	1008	10	0		
Malpica	18.1	21.78	31.8	21	14.9	8.9	10	24	6.2	30	-72	85	96	69	56	219	1798	18	64	6	1000	10	0		
Marco da Curra	16.4	21.97	34.8	21	12.5	9.3	9	39	28.4	27	-78	81	96	58	53	229	1862	14	67	27	945	10	0		
Melide	18.6	26.57	38.4	21	12.4	7.2	9	23	11.1	28	-126	73	95	44	63	270	2186	7	44	6	964	8	0		
Muralla	16.7	22.07	31.7	21	12.9	9.7	10	25	10.7	4	-87	84	98	60	59	253	1903	23	88	6	943	7	0		
*O Val	19.3	24.43	35.9	21	14.6	10.5	1	20	8.4	18	-	78	94	60	-	-	-	3	35	2	1011	9	0		
Olas	17.5	23.76	36.3	21	12.8	8.6	10	32	10.2	27	-82	84	100	58	55	238	1826	9	41	5	-	11	0		
*Ordes	18.2	24.85	37.1	21	12.4	7.3	2	11	3.9	29	-	77	94	52	-	-	-	4	33	5	987	6	0		
*Paramos	17.7	23.61	35.3	21	12.9	9.6	13	17	5.2	27	-	85	99	62	-	-	-	7	63	4	977	9	0		
*Pazo de Galegos	19.9	26.95	36.2	21	14.5	10.4	8	6	3.6	4	-133	77	96	51	55	239	2003	3	27	9	992	5	0		
Punta Candieira	18.1	20.92	34.7	21	15.7	13.6	9	40	8.4	4	-77	84	95	69	56	243	1974	22	79	6	989	12	0		
Punta Langosteira	18.1	20.07	24.1	21	16.0	13.3	12	7	2.8	18	-	76	83	66	60	218	1958	13	55	6	1016	8	0		
Río do Sol	16.3	20.93	34.3	21	12.8	10.2	9	30	7.6	30	-74	86	98	66	53	227	1843	19	56	5	957	11	0		
*Rus	18.5	24.28	37.9	21	12.9	7.6	11	25	5.9	30	-	84	99	61	-	-	-	3	35	10	1003	11	0		
Sálvora	18.7	22.21	32.8	20	16.1	14.2	10	15	9.2	29	-126	81	93	67	71	306	2253	14	51	6	-	5	0		
Santiago-EOAS	19.4	26.15	36.2	21	14.6	11.0	8	24	18.5	28	-113	74	93	49	54	232	1986	7	41	6	989	6	0		
Santiago-San Lázaro	18.7	24.45	34.1	21	14.3	10.5	10	31	22.3	28	-	75	92	52	60	259	2045	10	52	5	983	8	-		
Sergude	19.6	27.03	36.0	21	13.9	9.5	8	5	3.2	4	-	74	95	46	53	230	1961	-	-	-	-	3	0		
Serra da Faladoira	15.9	19.85	32.0	21	13.0	9.8	9	59	11.8	18	-37	88	100	71	46	199	1756	16	61	6	953	14	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 8

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Lugo																											
A Pontenova	17.5	22.91	32.1	21	13.8	10.7	11	52	13.5	30	-	83	96	62	44	188	1660	12	53	4	-	-	-	-	15	0	
Abradelo	18.3	26.55	37.5	21	12.1	7.0	10	22	7.4	30	-	69	94	38	61	263	2112	-	-	-	-	-	-	-	6	0	
Alto de Cerredo	16.4	22.28	33.8	21	12.2	7.4	9	16	4.8	30	-	78	95	53	-	-	-	5	42	26	910	-	-	8	0		
*Alto do Faro	16.7	23.14	33.8	21	11.8	7.7	2	54	36.1	27	-	74	95	46	-	-	-	7	48	5	924	-	-	5	0		
*Alto do Poio	15.6	21.09	31.4	21	10.9	4.1	10	34	16.8	30	-	71	92	45	-	-	-	9	54	27	-	-	-	8	0		
Ancares	15.8	21.78	31.3	21	11.0	4.4	9	13	6.2	30	-135	68	92	42	64	275	2112	13	79	27	868	-	-	7	0		
*Borreiros	18.9	24.01	29.7	22	14.4	10.0	2	83	45.7	27	-22	80	95	58	40	173	1569	4	29	4	1011	-	-	11	0		
Bóveda	20.1	29.33	39.6	21	12.6	7.0	10	25	17.2	28	-138	66	91	33	66	286	2186	6	48	9	968	-	-	5	0		
Burela	16.9	19.86	29.9	21	14.6	11.2	9	112	25.6	7	18	87	96	72	39	170	1590	11	60	27	-	-	-	15	0		
Campus Lugo	19.0	26.85	39.3	21	13.1	6.8	11	32	14.8	27	-108	73	95	44	54	231	2032	6	37	10	972	-	-	7	0		
Castro R. de Lea	18.2	25.8	38.3	21	12.4	6.6	11	29	17.9	27	-	78	96	49	54	234	1860	-	-	-	970	-	-	7	0		
Conchada	19.8	28.88	38.2	21	12.9	6.7	10	23	14.9	27	-	70	96	39	66	284	2320	-	-	-	-	-	-	4	0		
Corno do Boi	16.6	23.47	36.1	21	12.1	8.4	10	24	10.4	27	-100	81	100	51	57	244	1960	11	52	2	-	-	-	11	0		
Courel	19.1	27.5	38.1	21	12.4	7.3	10	13	6.2	27	-147	64	92	33	66	284	2121	8	67	9	930	-	-	5	0		
*Fontaneira	16.6	23.21	35.3	21	11.7	6.8	9	25	7.5	30	-91	79	96	54	53	226	2006	3	31	2	914	-	-	10	0		
Foz	18.5	22.21	28.9	2	14.9	10.9	31	57	15.8	7	-64	83	94	66	44	192	1684	9	45	4	1011	-	-	11	0		
Fragavella	16.1	20.49	32.2	21	12.4	8.7	2	74	14.0	30	-19	89	100	71	43	184	1641	11	69	27	950	-	-	17	0		
Guitiriz-Mirador	16.6	23.12	36.0	21	12.5	8.9	10	38	13.0	27	-81	81	98	54	54	231	1868	9	56	6	941	-	-	11	0		
*Labrada	16.0	20.56	33.1	21	12.6	9.3	7	89	49.2	27	-11	85	98	65	42	183	1670	8	60	27	-	-	-	16	0		
*Lanzós	16.8	23.8	36.5	21	10.6	3.5	2	24	15.0	27	-	79	96	54	-	-	-	4	42	6	964	-	-	9	0		
*Lourenzá	19.0	24.42	31.0	2	14.0	8.5	11	40	13.2	30	-	83	98	61	-	-	-	2	31	3	-	-	-	13	0		
Marroxo	19.3	27.71	37.5	21	13.6	8.2	10	27	11.5	27	-128	68	92	35	62	265	2135	5	38	27	945	-	-	5	0		
*Millara	21.1	30.93	41.4	21	14.3	9.6	11	31	16.1	27	-	67	93	33	-	-	-	6	51	9	-	-	-	4	0		
*Morelle	19.4	28.91	39.4	21	11.8	4.3	10	33	19.2	29	-106	73	97	40	54	234	1983	3	34	21	970	-	-	4	0		
O Cebreiro	15.9	24.02	34.4	21	10.3	2.6	10	22	14.0	30	-140	75	96	47	66	282	2222	13	47	21	873	-	-	6	0		
O Xipro	17.2	24.7	36.8	21	11.9	7.5	11	20	7.3	30	-106	80	99	46	49	211	1917	10	50	26	929	-	-	9	0		
*Olveda	18.0	25.89	39.0	21	12.1	7.3	11	38	17.9	27	-99	78	99	45	60	257	2104	6	37	5	-	-	-	7	0		
Pedro Murias	19.0	22.45	29.6	2	15.5	11.7	11	60	16.0	30	-45	78	88	65	43	186	1542	7	46	6	1014	-	-	14	0		
Penedo do Galo	15.9	19.18	29.8	21	13.4	10.3	9	87	16.8	7	-2	90	99	74	42	182	1661	17	104	27	-	-	-	16	0		
Pol	17.2	24.4	37.3	21	12.3	8.0	11	22	6.8	30	-	79	99	47	56	239	1946	-	-	-	944	-	-	7	0		
Portomarín	19.0	28.28	39.6	21	12.3	7.0	11	34	19.0	27	-	74	98	41	56	243	1833	-	-	-	967	-	-	7	0		
Sambreixo	17.3	24.97	37.5	21	10.5	4.6	10	35	15.4	28	-	77	96	47	55	237	1887	-	-	-	-	-	-	10	0		
*San Clodio	22.1	31.38	40.8	21	13.7	5.1	10	33	21.8	27	-	62	91	31	-	-	-	3	32	27	988	-	-	3	0		
*San Fiz	20.1	28.34	38.6	21	14.1	9.8	11	50	29.0	27	-116	71	93	42	62	266	2264	7	55	13	973	-	-	4	0		
Ventosa	17.1	24.63	35.8	21	11.3	5.3	11	20	10.1	29	-121	73	95	43	60	258	2070	9	55	27	916	-	-	6	0		
*Vilamor	18.7	23.58	29.8	2	14.4	10.4	11	33	8.1	7	-78	77	91	57	38	163	1573	4	33	6	-	-	-	12	0		
*Xabrega	20.7	30.29	39.5	21	13.4	7.2	10	36	17.3	27	-126	64	88	31	59	254	2134	4	36	21	981	-	-	5	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.

Vigo	20.4	25.71	35.5	20	16.1	12.1	8	7	3.4	29	-	71	89	52	-	-	-	-	-	-	6	0	
Vigo-Campus	19.0	23.36	34.0	20	15.1	11.4	9	10	2.6	4	-151	70	89	49	72	308	2357	6	42	10	965	7	0
Xesteiras	16.7	21.81	33.0	21	12.6	8.4	10	38	16.2	4	-	77	95	54	-	-	-	25	91	5	-	11	0

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.